



A dirección do CPI Ponte Carreira **INFÓRMALLES QUE:**

- A orde do 12 de maio de 2020 que regula a participación no **fondo solidario e na adquisición de libros de texto e material escolar** está publicada no DOG do 19 de maio de 2020 e as instrucións ao respecto están dende hoxe no portal educativo.
- **A asignación de libros do fondo solidario** corresponde ao alumnado que no **2020/2021** estea escolarizado en **3º, 4º, 5º e 6º de primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.**
- **As axudas para adquirir libros** están destinadas ao alumnado que no **2020/2021** estea escolarizado no **1º e 2º de primaria.**
- As familias que soliciten axudas para **varios fillos/as** teñen que incluílos todos **na mesma instancia.**
- Teñen dereito a solicitar estas axudas todas as familias que o desexen.
- A **solicitud**, [anexo I e II](#) da devandita orde, estará dispoñible nesta páxina, no centro ou na aplicación fondolibros da páxina da consellería, poderán presentala no colexio ou **vía telemática** na aplicación <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros> a través da **sede electrónica da Xunta de Galicia**, <https://sede.xunta.gal>. Estas solicitudes irán acompañadas dos datos que alegan: fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar; certificado acreditativo no caso de alegar que algún membro da unidade familiar ten: *discapacidade igual ou superior ao 33%, unha pensión, unha situación de violencia de xénero...*
- **Prazo** de presentación está aberto **ata o 19 de xuño de 2020.**
- **As axudas terán en conta:** a **renda per cápita do exercicio 2018**, e todo o referente a este cálculo está contemplado nos artigos 3 e 4 da orde referida.

As persoas beneficiarias destas axudas, agás os de 1º e 2º de educación primaria, **deberan entregar en bo estado os libros** no centro **con data límite do 7 de xullo** agás o alumnado de **ESO con pendentes que deberá entregado antes do 7 de setembro**, para seren reutilizados.

O horario para **pedir cita e/ou acudir á secretaría** do centro será de 10:00 a 13:00.

A dirección do centro